

# Estévez: “A poesía que me interesa é a que reflexiona sobre cousas”

**LITERATURA** ► Hoxe distribúese con EL CORREO na área de Santiago o volume número catorce da colección Poeta en Compostela, a escolma titulada ‘itinerarios’

H. NEIRA • SANTIAGO



Eduardo Estévez chegou á comunidade galega hai unha década

O Casino de Santiago acolle hoxe ás sete e media da tarde a presentación de *itinerarios*, de

mero catorce da colección Poeta en Compostela, que se publica por iniciativa da Concellaría de Cultura de Santiago e do Grupo Correo Gallego, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

A obra, que se distribúe hoxe de balde con EL CORREO na área de Santiago, é unha escolma de textos publicados por Estévez realizada por el e outros oito escritores e escritoras. A idea de facelo así xurdiu “porque me parecía un momento interesante para facer un resumo, unha relectura do que levaba publicado”, afirma o autor, quen sinala que “como non son moi amigo das escolmas de autor, porque creo que son moi parciais, pareceume unha posibilidade divertida facela entre varias persoas, así é o máis achegada posible á

## OS DATOS

### Cidade viva

► “Santiago é unha cidade que me encantou, namoreime dela, eu creo que lle gusta a todo o mundo aínda que ten os seus puntos débiles. É unha cidade viva, tranquila, cunha vida de cidade pequena que se agradece pero que ás veces te desespera un pouco, o clima é o que ten de malo”, asegura o escritor.

### Desde 1995

► Estévez naceu en Bos Aires en 1969. Só un dos seus avós era galego, precisamente o que lle dá o primeiro apelido, e “non tiña ningunha noción da lingua galega cando cheguei aquí en 1995, pero estudara portugués e así xa tiña un oitenta por cento do camiño percorrido” ■

obxectividade. Desde hai moito tempo estou interesado en saber que len e como len os escritores porque cada un ten unha maneira de ver a poesía, e así fun descubriendo as lecturas que fan polos textos que seleccionaron”.

Estévez asegura que “eu escribo desde a reflexión, penso moito o poema, ata que sinto o poema moi redondo na cabeza. Deixou de interesarme o poema descritivo e gústame máis o poema de pensamento, de reflexión, o poema que opina. A poesía que me interesa é a que reflexiona sobre cousas, a que asume máis o papel de poesía, véxoa como unha maneira de coñecer o mundo”.

E non publica só en papel, pois “levo bastante tempo facendo cousas en Internet, que me parece un espazo a medio facer, que non vai substituír os medios

de comunicación e de expresión tradicionais en Galicia, pero é interesante para facer debate de ideas, é difícil dar con debates así noutros ámbitos, e seguro que se pode explotar moito máis do que se explota. Teño unha web persoal, [www.luagris.net](http://www.luagris.net), que está un pouco parada, e un blog, en <http://oollodavaca.blogspot.com> que non é un diario, máis ben é un sitio onde opinar sobre o que pasa ó redor e reflexionar sobre a produción poética”.

Neste momento “teño escritos algúns textos soltos, sen orde, levo unha tempada longa sen pechar ningún libro. Hai máis de catro anos que publiquei *derrotas*, pero creo que é unha etapa necesaria. Para min é traumático o proceso previo e posterior a escribir un libro, recupérome moi devagar”, afirma Eduardo Estévez.